

Acta Reunión Ordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 22 de novembro de 2018

Hora: 12:32

Lugar: Sala de Xuntas 3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Anuska Mosquera Corral

Francisco Omil Prieto

José Varela Pet

Ausencia Xustificada:

David López Vilariño

David Losada Carril

Julia González Álvarez

M^a Carmen Palacios Oubiña

Puntos a tratar:

1. Aprobación de actas de anteriores reunións
2. Memorandum M#5 Participación e formulación dos cuestionarios de calidade dos diferentes grupos de interese
3. Actualización do SGIC da ETSE
4. Informe de Suxestións, queixas e reclamacións: curso 2017-18
5. Quenda aberta

1. Aprobación de actas de anteriores reunións.

Apróbase por asentimento a acta da reunión ordinaria do 11 de xullo de 2018.

Informes.

Acéptase incorporar sobre a marcha este punto non previsto por non incluír a adopción de ningún acordo. O Director quere simplemente deixar constancia da acreditación institucional outorgada á ETSE pola ACSUG, o que supón que todas as titulacións adscritas á Escola prorroguen automaticamente a súa acreditación por cinco anos máis a contar dende a data da concesión. Por suposto, manterase a dinámica habitual da elaboración anual de informes de seguimento, o cal aproveita o Director para lembrar aos coordinadores de titulación que a axenda do curso 2017-18 remata o próximo 31 de decembro e que proximamente haberá que pechar as accións de mellora.

2. Memorándum M#5 Participación e formulación dos cuestionarios de calidade dos diferentes grupos de interese.

O pasado mes de setembro, a Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica da USC rematou un estudo sobre participación e formulación dos cuestionarios de calidade. Tal e como estaba previsto, enviouse o documento tanto aos decanos e directores de centro como aos directores de departamento, co obxectivo de que fora debatido polos grupos de interese e que estes puideran remitir as súas suxestións. Neste sentido, o Director da ETSE fixo chegar o memorando aos coordinadores de titulación para que estes achegaran as súas aportacións.

O Director expón a súa valoración do documento, incidindo particularmente na posible implementación futura dunha aplicación para móbiles e na necesidade de reducir o número de preguntas nalgunha das enquisas. Dende o seu punto de vista, non é extrapolable ao conxunto da USC o impacto demostrado na Escola de fomentar a resposta á enquisa de satisfacción coa docencia recibida nas sesións interactivas; non obstante, dispoñer dunha aplicación para móbil cambiaría moito a situación. Polo demais, considera acertado considerar dúas categorías diferentes de egresados.

O Director propón que dende a ETSE se transmitan dúas cuestións de relevancia: que a aplicación para móbiles non se debe limitar unicamente á realización de enquisas e que cómpre fomentar a participación por parte dos docentes. Con respecto á referencia ao programa Docencia contida no memorando, o Director considera que as enquisas de docencia deben ser decisivas na concesión de quinquenios e apoia que a normativa poida permitir a reasignación de docencia a un profesor que de xeito repetido acadase resultados baixos, con independencia do criterio xeral da USC (antigüidade, categoría, etc.); isto podería depender dos centros para as titulacións de grao e das comisións de titulación no caso dos títulos de máster. Para rematar este punto, o Director sinala que animar a estes profesores a participar nos cursos do PFID só pode constituír unha medida efectiva no caso de que a programación de cursos de formación docente puidera alcanzar os niveis de calidade que se rexistraban fai xa bastantes anos.

Co asentimento dos asistentes, transmitíranse de volta á Vicerreitoría as conclusións anteriormente expostas.

3. Actualización do SGIC da ETSE.

O Director deixa constancia de que ven de ser activada a primeira fase de actualización do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), centrada na reflexión; resalta as tres características principais que deben rexer esta actualización: a concordancia entre os procesos e o que realmente se fai na Escola, a simplicidade na formulación dos procesos e a exclusión destes procesos do que xa está na normativa. Para pechar o punto, o Director recorda as datas previstas para a actualización.

4. Informe de Suxestións, queixas e reclamacións: curso 2017-18.

O Director lembra que a elaboración dun informe de suxestións, queixas e reclamacións é un requisito do SGC. Describe o formato deste documento baseado en doce categorías e indica que no pasado curso atendeuse un total de 10 incidencias. O informe queda aprobado por asentimento.

5. Quenda aberta.

Non hai intervencións.

Non habendo máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 13:05 h.